

BARROCO


OBRA: CONVENTO DE SANTA CLARA (FACHADA)

AUTOR: **SIMÓN RODRÍGUEZ**

ESTILO: Barroco Compostelán

CRONOLOXÍA: 1719

LOCALIZACIÓN: Santiago de Compostela



ANÁLISE E COMENTARIO

A fachada do Convento das clarisas en Santiago de Compostela é un dos exemplos máis destacados dunha peculiar rama do Barroco español que só se desenvolverá en Galicia e que sería coñecido como o ***estilo de placas***.

Simón Rodríguez (1679-1751) é unha das figuras máis destacadas da arquitectura desta época. Parece ser que a súa formación nas artes aplicadas comezou como carpinteiro traballando xunto a outra das figuras máis importantes do Barroco galego, Domingo de Andrade, na catedral de Santiago. A principios do S.XVIII Rodríguez xa contaba co título de mestre de arquitectura, desenvolvendo algunhas das obras máis importantes do seu entorno. O seu estilo caracterízase pola utilización de grandes placas de granito, do onde ven o nome de *estilo de placas*, que utilizaba a modo de decoración nas fachadas creando xogos de luces. Esta obra parece máis un retablo de madeira que unha fachada de pedra. É tamén o creador dun tipo de torre campanario de gran influxo posterior en toda Galicia, dun so corpo alzado sobre un pequeno basamento liso, ornáméntase con grandes placas superpostas con fondos cortes que xeran xogos de luces e sombras, intentando transmitir unha sensación de inestabilidade acumulando volumes na parte superior (San Fiz de Solovio, Santiago).

En 1719 o artista recibe o que sería o seu encargo máis significativo, a construción da fachada para o convento das claras en Santiago de Compostela. Realiza unha fachada retranqueada sobre o resto do paramento á que se accede por unha escaleira e configúrase como unha auténtica fachada telón xa que, a diferenza do que puidese parecer, non é o acceso ao templo do mosteiro senón que dá paso ao zaguán e ao xardín do conxunto monástico. Trátase de conseguir un efecto de sorpresa no espectador. Trátase dunha gran fachada, flanqueada por dúas altísimas pilastras de orde xigante, estruturada en tres niveis e tres rúas diferentes.

O acceso realízase a través dunha porta rectangular que aparece enmarcada por potentes baquetóns, mentres que aos lados dispóñense dous corpos cilíndricos recortados que sobresaen do paramento, todo como se fosen pezas de marquetería. Sobre a porta, no segundo piso da fachada, o artista coloca dúas fornelas superpostas, a de abaixo rectangular é un nicho baleiro mentres que a superior ábrese

nun arco de medio punto para albergar a imaxe da santa patrona, que ten detrás unha ventá a xeito de transparente, solución moi barroca. Unindo os dous nichos aparecen formas de asa a maneira de grampas, co seu perfil exterior lobulado, que se repiten nas orelleiras da fornela onde está a Santa. O conxunto aparece flanqueado por molduras que se curvan e retoman nun frontón circular partido. No último nivel atopamos unha gran cornixa voada que se quebra para acoller o escudo da orde franciscana á que pertencen as clarisas. A cornixa continúa por un frontón curvo, similar ao anterior, pero moito máis saínte. Sobre un robusto frontón aséntanse os colosais cilindros que producen unha sensación extraordinaria de movemento e inestabilidade. Como se pode apreciar, a decoración está centrada na rúa central da fachada mentres que as laterais son máis sobrias, unicamente perforadas por grandes vans rectangulares. No primeiro corpo, a cada lado, unha cartela ou placa de dobre plano e sobre elas un óvalo ou elipse, rimando coas partes altas. No segundo e terzo corpo ventás con montante incluído en marco de guarnición acodado.

A fachada, por estar retrasada en relación ao muro do convento, ten un espazo diante que foi aproveitado para construír a dobre escalinata de tres tramos que dá acceso á porta. Todo está feito en pedra, tanto a balaustrada como os pedestais, que repiten varios motivos de placas ou círculos similares aos da fachada.

Da contemplación desta fachada obsérvase a non utilización da orde clásica de columnas, o mínimo emprego da decoración vexetal e a tendencia a levar os grandes volumes ás partes altas. O artista trata de sacar o máximo partido á pedra, ao duro e áspero granito. Por isto utiliza elementos xeométricos, xa de formas rectangulares ou circulares, onde poida conseguir calidades diferentes. Deste modo, as súas molduras son dun grosor increíble, o mesmo que as placas, as volutas, nas que se aprecian distintos planos de relevo. Todo consegue producir efectos de luz e sombra, buscándose tamén a alternancia de macizo e van co mesmo fin. A sensación de inestabilidade conséguese levando os volumes e as masas cara a parte superior, de aí as voladas cornixas e grandes placas. Acentuando máis a sensación de vigor e movemento, os tres grandes cilindros aparecen montados sobre uns corpos cúbicos e parece que van caer ao máis lixeiro tremor.

En toda a composición o artista logra combinar os elementos máis destacados da estética barroca: os xogos de luces e sombras que aportan as grandes placas graníticas, a dicotomía entre espazos abertos e pechados que dan teatralidade á fachada, así como a inestabilidade lograda a partires do retranqueamento dos corpos.